

CONSELLO DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA

Por orde do reitor, prégaselle que, como membro do Consello de Goberno, teña a ben asistir á reunión abaixo consignada, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

LUGAR: Sala 18 (Consello de Goberno) Campus Remoto da Universidade de Vigo, na seguinte ligazón: <https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/999045618> e presencialmente na **Sala Manolo Ramos** do Edificio Ernestina Otero, **3º andar** (Campus Marcosende-Vigo).

No apartado correspondente a “Acceso estudantado” encherase o “Nome” co nome e apelidos de cada un (aos efectos de poder computar a asistencia virtual), e o apartado “Contrasinal” coa clave que se remitirá previamente á xuntanza.

Pulsarase a continuación en “Acceder” e seguiranse as instrucións correspondentes. Conectarase a cámara, cando o presidente así o solicite, unicamente aos efectos de poder proceder á identificación de cada membro.

Advírtese que a sesión poderá ser gravada. Para garantir a posibilidade de asistencia dos membros da comunidade universitaria, a sesión transmitirase na contorna virtual da Universidade, pola vía e mediante o acceso que se comuniquen con anterioridade á celebración da xuntanza. Máis información sobre a protección de datos no enderezo electrónico <https://www.uvigo.gal/es/proteccion-datos>

DÍA E HORA: **martes, 14 de abril de 2026** , ás **12:00 h.**, en primeira convocatoria, e ás **12:30 h.**, en segunda.

Prégase a conexión na primeira convocatoria, para poder proceder axeitadamente coa identificación dos presentes.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de marzo de 2026.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da creación e convocatoria de 12 prazas de TU do 15% con cargo á OEP do 2024.
4. Aprobación, se procede, da creación e convocatoria de 30 prazas de PPL con cargo á OEP do 2024.
5. Aprobación, se procede, do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) de doutoramento da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da modificación do Protocolo de actuación para cambiar de nome e de xénero de uso común das persoas transexuais, transxénero e intersexuais na Universidade de Vigo por Protocolo de actuación para cambiar de nome e/ou xénero as persoas trans, intersexuais e non binarias na Universidade de Vigo.
7. Quenda de intervencións.

A secretaria xeral